



AVALIACIÓN DO PREMIO DE POESÍA CONCELLO DE CARRAL 1997 – 2019

Carlos Lorenzo Pérez
Técnico de Cultura
do Concello de Carral

Xullo do 2020

PRESENTACIÓN

Este documento que Vde. ten nas súas mans é un informe que recompila os principais aspectos e resultados do proceso de avaliación do certame de poesía Concello de Carral, que ven convocando desde 1997 a administración que lle dá nome.

Na actualidade este premio está recoñecido como un dos máis importantes dos que se convocan anualmente en Galicia. Suma no seu palmarés a 22 poetas, mentres se agarda pola resolución da 23ª edición que se está a levar a cabo mentres se elabora este informe.

Se ben o premio parece que está a cumprir o seu fin, resulta necesario e de interese valorar se atende realmente a todas as expectativas que os seus responsables teñen fixado nel. A análise deste certame servirá tamén para extrapolalo ao conxunto de concursos poéticos galegos, e tentar reflexionar sobre o papel que están a xogar no sistema literario de Galicia. Cabe salientar que ata agora nunca se levou a cabo tal tarefa, polo que este informe supón o primeiro que tenta reflexionar sobre o camiño feito e das novas vías que pode tomar para mellorar na consecución dos seus obxectivos.

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN	3
O PROCESO DE AVALIACIÓN	4
OS OBXECTIVOS DO PREMIO CONCELLO DE CARRAL	5
DATOS DO PREMIO CONCELLO DE CARRAL	6
VALORACIÓN DOS COLECTIVOS RELACIONADOS CO PREMIO	13
Autores e autoras premiadas en Carral	13
Autores e autoras non premiadas no certame Concello de Carral	20
Xurados do certame Concello de Carral	26
Editoriais galegas que publican poesía	31
Librarías	35
Certames de poesía	39
Lectores de Carral	48
CONCLUSIÓNS	54
Conclusións xerais obtidas das enquisas	54
Conclusións xerais obtidas da mesa redonda	55
PROPOSTAS PARA A MELLORA DO CERTAME CONCELLO DE CARRAL	57
AGRADECEMENTOS	58

INTRODUCCIÓN

A necesidade desta análise vén dada ante a posibilidade dun posible estancamento do modelo de certames de poesía en xeral e do de Carral en particular. En ocasións semella que se están a acadar os obxectivos formulados no nacemento deste premio así como aqueles outros que se foron incorporando en posteriores edicións. Mais noutras ocasións, cando o punto de observación se despraza, xa non resultan tan evidentes os resultados desexados.

Sempre son necesarios os procesos de avaliación formais, mais o esforzo que xa supón desenvolver con éxito un proxecto cultural coma este, esgota os folgos precisos unha vez xa feita a ansiada foto final. Precísase un esforzo último para a tarefa invisible que nos confirmará se estamos no camiño correcto e nos ofrecerá información para atinar nas correccións.

Este informe ten varios apartados. O primeiro recompila datos cuantitativos directos do premio Concello de Carral sobre premiados, xurados, asuntos de xénero... Un seguinte módulo confecciónase en base ás respostas de máis de 260 cuestionarios contestados por persoas de sete colectivos diferentes que teñen relación con premio de Carral. Destes cuestionarios pódense extraer conclusións que atinxen ao certame carralés e aos premios de poesía galegos en xeral.

O PROCESO DE AVALIACIÓN

Para obter datos e concluír algunhas das principais tendencias no referente aos certames de poesía en Galicia, o proceso de avaliación que desenvolvemos centrouse en tres estratexias:

- Cos datos directos que emanan do historial do certame valóranse aspectos como as idades ou sexo dos gañadores, se tiñan publicado algún libro previamente, a evolución dos niveis de participación, da contía do premio económico, das composicións dos xurados...
- Con cuestionarios en liña recompílanse datos e opinións sobre aspectos como os impactos dos premios, a consideración dos premios poéticos en aspectos como os índices de lectura e venda de poesía, as valoracións que fan as escritoras e escritores dos concursos, os procesos que seguen os certames galegos, etcétera. Establecéronse 7 colectivos e para cada un deles se deseñou un cuestionario (inclúense no apartado de Anexos):
 - Autores e autoras premiadas en Carral
 - Poetas que non contan co premio de Carral
 - Persoas que formaron parte dos xurados en Carral
 - Cidadáns de Carral
 - Editoriais galegas que publican poesía
 - Librarías
 - Certames galegos de poesía

Para obter resposta aos cuestionarios, contactouse mediante correo electrónico ou redes sociais con persoas que cumprían o perfil de cada colectivo. No caso de cidadáns de Carral, realizáronse arredor de 100 enquisas de xeito presencial a persoas usuarias de instalacións municipais (Casa da Cultura, bibliotecas, centros deportivos, centro de formación...) e outras 60 aproximadamente atendendo un convite na páxina de Facebook do departamento de Cultura do Concello.

- Unha terceira estratexia é a obtención de conclusións da mesa redonda que se levou a cabo con representantes dos colectivos citados.

O proceso ten que supor unha reflexión sobre os datos directos obtidos e sobre as percepcións que os sectores implicados no eido da poesía teñen sobre os beneficios dos premios literarios, para obter conclusións ben definidas que posibiliten deseñar medidas a implantar para mellorar na consecución dos obxectivos.

OS OBXECTIVOS DO PREMIO CONCELLO DE CARRAL

Antes de avanzar coa exposición de datos e valoracións, resultará útil coñecer de partida cales son os obxectivos que se ten formulado o Concello de Carral co seu premio de poesía. Son as expectativas fixadas as que deben servir de referencia para coñecer se foi posible acadalos, e unha vez valorados os datos, saber se é preciso redifínilos, enfatízalos ou fixar uns novos.

O concurso de Carral naceu pouco despois que a súa biblioteca municipal. O certame pretendeu ser na súa primeira convocatoria unha actividade que servira para a súa promoción e para a animación da escrita e da lectura. Xa coa segunda edición, os obxectivos gañaron en ambición e desde entón quedaron establecidos do seguinte xeito:

- Fomentar a escrita de poesía en lingua galega.
- Fomentar a lectura de poesía en lingua galega achegándolla a novo público, e en especial ao de Carral.
- Propiciar a descuberta de novos autores ou contribuír a consolidar a traxectoria literaria doutros que xa contan con libros editados.



Segundo medraba o certame traballouse tamén para:


- Contribuír a fornecer o sistema literario galego cun certame de calidade que permitira aumentar o valor da poesía.
- Fornecedor cultural a relación de Carral coa poesía, converténdose no terceiro elemento que desde fóra se identifica con este territorio: os Mártires e o Pan de Carral.

DATOS DO PREMIO CONCELLO DE CARRAL

Comecemos coa presentación de datos directos do premio de poesía Concello de Carral, ofrecendo primeiro información sobre a evolución da participación, as condicións exixidas (número de versos) e sobre o importe económico do premio.

Ano	1997	1998	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019	
Nº exemplares	8	21	31	29	18	25	18	40	10	17	33	38	42	46	53	40	38	36	23	54	46	38	44	
Nº versos	100	400	400	400	400	400	400	400	400	400	400	400	400	400	400	500	500	500	500	500	500	500	500	500
Premio €	300	900	900	900	1000	1000	1000	1200	1200	1200	1500	2000	2000	2000	2000	2000	2000	2000	2000	2500	2500	2500	2500	






- Sobre a participación vemos que resulta moi irregular ao longo dos anos, mais cunha tendencia ascendente, cunha media de participación nos últimos 10 anos de 42 obras presentadas.
- Co aumento no número de versos requiridos que se fixo na edición do 2012, houbo un cambio na tendencia ascendente de traballos presentados. Despois de 6 anos de proceso constante de crecemento neste índice, no 2012, co novo requirimento de 500 versos, iníciase un descenso durante 4 anos. Podemos concluír que o cambio de requisito si afectou á participación. Procede indicar que o cambio a un maior número de versos se decidiu para evitar que na edición do libro gañador non se chegara ao mínimo de 50 páxinas sen que se precisara engadir limiar, ilustracións ou un exceso de páxinas de cortesía.
- No ano 2015, cando se aumentou o premio a 2500 euros, houbo un incremento acentuado de participación aumentando un 135% (pasou de 23 a 54 obras) e sendo a edición con máis libros, se ben nas dúas edicións seguintes volveu descender ata un 70% da cifra do 2015. Resulta difícil relacionar o importe económico do premio co nivel de participación.



Analícemos agora datos relativos ás autoras e autores gañadores do certame, valorando grupos de idade, sexo e se previamente contaban con libro de poesía publicado. Con esta información pretendemos saber o perfil maioritario de quen ten obtido o premio.

Na táboa seguinte ofrecemos algúns datos dos autores e autoras gañadoras:


Poeta	Ano gañou	Idade	Home/ Muller	Libro publicado
Fernando Díaz-Castroverde	1997	30	H	non
Rafael Lema	1998	31	H	si
Rafa Villar	1999	31	H	si
Lucía Novás	2000	21	M	non
Baldo Ramos	2001	30	H	si
Eduardo Estévez	2002	33	H	si
Xurxo Alonso	2004	48	H	si
Marcos S. Calveiro	2005	37	H	non
Isidro Novo	2006	55	H	si
Xosé Luís Mosquera Camba	2007	46	H	si
Paulino Peña Álvarez	2008	48	H	non
Eli Ríos	2009	33	M	non
Miro Villar	2010	45	H	si
Emma Pedreira	2011	33	M	si
Roi Vidal	2012	30	H	non
Dores Tembrás	2013	34	M	si
Oriana Méndez	2014	30	M	si
Eva Veiga	2015	54	M	si
Modesto Fraga	2016	42	H	si
Xosé Luís Mosquera Camba	2017	56	H	si
Xabier Cid	2018	43	H	non
Xurxo Alonso	2019	63	H	si



- Se consideramos que ata os 40 anos de idade os autores e autoras están no inicio da súa traxectoria literaria, comprobamos que 12 gañadores (55%) están nese treito entre os 20 e 40 anos, o cal é un índice satisfactorio para valorar se o certame acada apoiar novos valores literarios.
- Afinando máis a análise da idade, observamos que 5 autores (23%) estaban por debaixo dos 30 anos, o que supón case unha cuarta parte do total. Tamén podemos considerar esta cifra como satisfactoria para atender os obxectivos do premio.




- Cos dous gráficos anteriores vemos unha maior proporción de gañadores do certame que tiñan libro de poesía publicado con anterioridade á obtención do premio de Carral. En concreto un 68% xa tiñan editado un poemario.
- Como era de agardar, no grupo dos máis xoves é no que hai menos autores con obra publicada previamente, e nos de idades maiores de 50 anos atopámonos con que todos contaban con algún poemario publicado.
- Chama a atención que nos grupos (de 20 a 40 anos) nos que se pretende que o certame teña unha especial incidencia para axudar a publicar un libro, practicamente a metade dos gañadores (47%) xa tiveran editado previamente un poemario.




- Facendo unha valoración de xénero, obsérvase unha moito menor presenza de mulleres no conxunto de premiados no certame, supoñendo aproximadamente unha cuarta parte (27%) do total. Resulta difícil detectar o motivo desta desigualdade. As causas que consideramos que poden ocasionar este feito son:
 - Que tamén exista un nivel desigual no envío de poemarios, o cal non é posible confirmar porque a participación no certame é anónima e non se coñecen as autorías das obras non premiadas.
 - Que a presenza da muller nos xurados fose tamén menor. Esta circunstancia resulta tamén difícil de asociar, xa que os libros gañadores escóllense descoñecendo o autor ou autora.

Vexamos algunhas gráficas que amosen a relación dos xurados co xénero da persoa escollida para o premio.


Xurados



Gañadoras cando xurado maioría mulleres




Gañadoras cando xurado maioría homes



Observando estas gráficas e os seus datos, podemos concluír:

- Os xurados do certame teñen estado compostos, en global, por unha maioría de homes (63%) fronte ás mulleres (37%).
- Non resulta determinante a presenza das mulleres nos xurados para escolleren gañadoras. Cando os xurados foron na súa maioría mulleres, resultou gañadora só unha autora (17%), mentres que autores masculinos foron 5 (83%). Mentres que cando os xurados estiveron formados maioritariamente por homes, gañaron 5 autoras (31%) e 11 autores (69%).

Rematamos este apartado de análise cuantitativa sobre os datos directos do concurso de Carral, observando os tipos de perfís maioritarios durante as 22 edicións.



- Ao respecto dos xurados indicar que nas 22 edicións do premio, levan asumido esta responsabilidade un total de 40 persoas, algunhas delas facéndoo ata en 6 ocasións.
- Aos autores e autoras que gañan noméanse como membros do xurado para a edición posterior. Tan só nun caso non se cumpriu esta condición.
- A porcentaxe maior no perfil dos xurados é para a condición de escritores ou escritoras, se ben tamén poderíamos engadir a esta categoría a de gañadores. Non se reúnen na mesma tipoloxía xa que foron convidados a formar parte do xurado por condicións distintas.
- A participación de expertos e críticos é moito menor. Con estes perfís son un total de 5 persoas, que acumulan como parte dos xurados un total de 13 participacións.



VALORACIÓN DOS COLECTIVOS RELACIONADOS CO PREMIO



Como xa se adiantou en apartados anteriores, parte importante do proceso de avaliación do Premio de poesía Concello de Carral se basea nas respostas obtidas a unha serie de cuestionarios atendidos por diferentes colectivos que teñen relación co certame carralés en particular e cos certames galegos en xeral.

Autores e autoras premiadas en Carral

Comezaremos coas respostas dos autores e autoras que resultaron premiados no certame. Respostaron ao cuestionario específico un total de 16 persoas.



Propuxéronselles preguntas sobre a súa participación en certames, sobre cuestións organizativas, sobre a edición do seu libro e sobre aspectos salientables do premio.








Neste primeiro bloque de preguntas valóranse aspectos como se participan decotío en certames, así como o principal motivo para facelo no de Carral. Pódese concluír:


- Os principais motivos que animaron á participación no premio de Carral é o feito de publicarmos a obra e do prestixio que concede a quen recibe o galardón.
- En xeral resultoulles doado ou moi doado conseguir a información do premio.
- Case un 90% dos entrevistados participaron en máis de 4 certames poéticos, o cal parece demostrar que é unha opción moi concurrida para tentar visibilizar poemarios inéditos.
- Chama a atención que das 16 persoas que contestaron o cuestionario, 9 gañaran o premio na súa primeira tentativa.




- Os autores e autoras premiadas consideran que o certame de Carral tivo en xeral unha alta incidencia na súa traxectoria literaria.
- En canto á proxección pública do feito de que obtivesen o premio, as opinións son diversas, aínda que a maioría concédenlle un alto nivel de importancia.




En xeral, que calidade de edición tiveron os libros gañadores no certame de Carral?




Que che pareceu a promoción feita pola editorial do libro co que gañaches o premio de Carral?




Que calidade consideras que teñen os xurados do certame Concello de Carral?




Que cres que debera mellorar o certame Concello de Carral?





En xeral, que calidade teñen os certames de poesía en Galicia?



En relación coa calidade dos demais certames galegos de poesía que coñeces, en que nivel colocas o certame de Carral?






- Este colectivo de gañadores valoran cos máximos índices a calidade da organización do certame.
- Con respecto á calidade de edición dos libros gañadores, os autores e autoras fan tamén unha boa valoración.
- Cando se refiren á promoción dos libros por parte da editorial, as opinións repártense por todas as alternativas de resposta, o cal non facilita obter unha conclusión xeral.


- Sobre os xurados as opinións son moi favorables, situándoos nos niveis máis altos.
- No que consideran como aspectos mellorables, o máis citado é a necesidade de incidir na promoción dos libros editados, seguido dunha mellor dotación económica e de modificar a configuración dos xurados.
- Quenes foron premiados en Carral consideran que os certames galegos de poesía teñen un nivel intermedio de calidade, e tanto en relación co conxunto de premios como na valoración específica da calidade do de Carral, sitúanno no treito máis alto de puntuación.
- Este colectivo de poetas citan principalmente como valor ou mérito do premio de Carral a súa traxectoria e o feito de que publique os libros galadores.

Autores e autoras non premiadas no certame Concello de Carral


Convidouse a unha serie de poetas que non forman parte do conxunto de premiados en Carral, a que atenderan un cuestionario específico. Contestaron 22 persoas dando lugar aos seguintes resultados:




Valoraches nalgunha ocasión presentarte ao certame de Carral?




Participarías no certame de Carral?




Buscaches nalgunha ocasión información do certame de Carral?




No caso de que tiveses buscado información do certame de Carral, como de doado che resultou atopala?




Canta influencia consideras que podería ter o premio de Carral para mellorar a túa traxectoria literaria?




Dos libros que coñeces que gañaron en Carral, canto considerarías que son merecentes de ser libros premiados?




Como valoras a calidade de edición dos libros premiados no certame de Carral?




Que importancia lle concedes ao feito da existencia de premios literarios?




Ata onde coñeces, como valoras a calidade de organización do certame de Carral?




En relación coa calidade dos demais certames galegos que coñeces, en que nivel colocas o certame de Carral?




Como valoras en xeral a calidade do certame de Carral?



Indica en que aspectos debe mellorar o certame de Carral?



Cal é o principal valor ou mérito do certame de Carral?




- O certame de Carral é un certame bastante coñecido polo colectivo de poetas e cunha alta porcentaxe que se presentarían a el.
- En canto ao valor que lle conceden para mellorar a súa traxectoria literaria, a meirande parte das respostas concéntranse na parte media e alta da escala.
- A calidade poética e de edición dos libros premiados valóranse na parte media e alta da escala.
- A maioría do colectivo considera moi necesaria a existencia de premios literarios.
- Consideran o de Carral un concurso ben organizado e cun nivel medio alto de calidade
- Os principais aspectos nos que consideran que debería mellorar o certame de Carral é na dotación económica do premio e na necesidade en facer máis promoción dos libros gañadores.
- Os principais valores ou méritos que lle conceden ao concurso, é a súa continuidade, a edición dos libros gañadores e a traxectoria acumulada.

Xurados do certame Concello de Carral


Outro dos colectivos consultados foi o do conxunto de persoas que foron membros do xurado. É necesario advertir que case todos os autores e autoras que resultaron gañadores do premio formaron parte do xurado cando menos nunha edición posterior, o cal produce que algúns valores en preguntas semellantes feitas ao colectivo de premiados sexan parecidas.

Deste grupo queremos coñecer como valoran a súa experiencia no certame, a calidade percibida no conxunto das obras presentadas a concurso e a súa opinión para mellorar os aspectos organizativos que atinxen aos xurados. Contestaron o cuestionario 26 persoas.


En cantas edicións participaches como membro do xurado?




Participaches como xurado por ter gañado a anterior edición?




Que aspectos valoras positivamente da túa participación como xurado en Carral?




Que aspectos valoras negativamente da túa participación como xurado en Carral?




Cando participaches como xurado, en xeral, que calidade tiñan as obras presentadas?




Como consideras a organización do certame nas edicións que participaches como xurado?




Como valoras o número de obras presentadas na última edición na que participaches como xurado?




En xeral, como valoras a calidade literaria das obras gañadoras do certame de Carral?




En que aspectos cres que debe mellorar o certame Concello de Carral?




En relación coa calidade dos demais certames galegos de poesía, en que nivel colocas o certame de Carral?



Como valoras en xeral a calidade do certame Concello de Carral?





Ao teu xuízo, cal é o principal valor ou mérito do certame de Carral?




- Entre os aspectos que mellor valoran da súa participación como xurados está a boa organización, a posibilidade de ler a poesía que se está a facer no momento, o trato recibido pola organización e a liberdade para escoller a obra gañadora.
- Se ben unha ampla maioría non indicou ningún aspecto negativo relacionado coa súa participación no xurado, entre as máis sinaladas está o feito de que o xurado non cobrara polo seu labor.
- Cando se refiren á calidade das obras presentadas a concurso, a maioría concéntranse no valor medio e alto da escala.
- Ao preguntarles pola calidade das obras gañadoras, o abano de resposta esténdese entre media e moi alta, cunha predominancia clara no valor de alta calidade.
- Ao solicitarles opinión sobre cuestións nas que debera mellorar o certame de Carral, as dúas máis suxeridas refírense a facer máis promoción das obras gañadoras e aumentar o premio económico.
- A maioría deste colectivo sitúan ao concurso Concello de Carral na franxa de calidade alta ou moi alta.
- A continuidade e a traxectoria son os principais méritos que lle outorgan ao certame.

Editoriais galegas que publican poesía


Recolleuse tamén a opinión de 7 editoriais que publican poesía galega. Atenderon preguntas coas que pretendemos obter as súas opinións sobre os niveis de venda de poesía galega, o valor dos premios para favorecer a venda e lectura de poesía, e tamén para coñecer a súa opinión sobre a calidade do certame de Carral.




É máis doado vender poesía de autores premiados en certames literarios?




Que influencia ten a obtención dun premio na traxectoria literaria dun autor?




Que calidade consideras que teñen os certames de poesía en Galicia?




En relación coa calidade dos demais certames galegos de poesía, en que nivel colocas o certame de Carral?



Como consideras a calidade literaria dos libros premiados no certame Concello de Carral?



Como valoras en xeral a calidade do certame Concello de Carral?





Ao teu xuízo, cal é o principal valor ou mérito do certame de Carral?




- As editorías consideran que os niveis de venda de poesía móvense na zona intermedia da escala.
- Existe unha lixeira diferenza a favor de considerar que os libros premiados se venden mellor. Exactamente o mesmo que responden ao referirse a autores ou autoras que obtiveron algún premio.
- Opinan que a obtención de premios non ten moita incidencia na traxectoria literaria dos escritores.
- Sobre a súa calidade, colocan os certames poéticos de Galicia no treito intermedio da escala, e no conxunto o de Carral sitúano entre media e alta calidade, aínda que lle outorgan individualmente un valor alto.
- Atendendo á calidade literaria dos libros premiados en Carral, colócanos na franxa intermedia.
- Salientan como principais méritos do certame a súa constancia e a relación de premiados.

As librarías son outro dos elementos esenciais no ecosistema literario, e resulta imprescindible coñecer tamén a súa opinión para avaliar con máis precisión os certames poéticos.


Contestaron ao cuestionario 7 librarías e obtivéronse os seguintes resultados:




Consideras que é máis doado vender poesía de autores ou autoras premiados en certames literarios?




Que influencia cres que ten a obtención dun premio na traxectoria literaria dun autor?




Que calidade consideras que teñen os certames de poesía en Galicia?




En relación coa calidade dos demais certames galegos de poesía que coñeces, en que nivel colocas o de Carral?




En xeral, como consideras a calidade literaria dos libros que coñeces premiados no certame Concello de Carral?



Como valoras en xeral a calidade do certame de Carral?



Ao teu xuízo, cal é o principal valor ou mérito do certame de Carral?





- As librarías colocan os niveis de venda de poesía na metade baixa da escala.
- Consideran que é máis doado vender libros premiados de autores ou autoras que xa foran premiadas.
- Ao opinar sobre a calidade dos certames galegos, sitúanos no treito medio-alto da escala.
- Ao premio de Carral colócano no valor medio-alto de calidade.
- Cando se refiren á calidade literaria dos libros premiados, fixan a súa opinión no valor medio-alto.
- As librarías apuntan como principais valores ou méritos do certame de Carral a súa constancia e o dar a coñecer a novos autores.

Certames de poesía


Neste proceso de avaliación do certame de Carral en particular e do conxunto de concursos galegos en xeral, é de importancia ter en conta a opinión dos seus organizadores sobre aspectos tales como as súas características, niveis de participación ou cuestións organizativas, entre outros.

Participaron atendendo o cuestionario 8 certames, incluíndose o de Carral. Dos que contestaron hainos con apenas 2 edicións convocadas e outro con 45. A maioría están na franxa de entre as 19 e as 35 edicións.


Os resultados das súas respostas son os seguintes:




Que número de versos se solicitou na última edición?




Que tipo de premio se concedeu na última edición?




Cal foi a contía do último premio?





Principais obxectivos que persegue o certame.




Cal é o nivel de satisfacción na consecución dos obxectivos?







Canto tempo se mantén aberto o prazo de presentación de obras?




No caso de edición da obra gañadora, como se edita o libro?




Existe distribución comercial dos libros editados?




O certame recibe patrocinios?






O certame recibe subvencións?




Que entidade lle concede as subvencións?






En relación coa calidade dos demais certames galegos de poesía que coñeces, en que nivel colocas o voso certame?



En relación coa calidade dos demais certames galegos de poesía que coñeces, en que nivel colocas o certame de Carral?



- Os concellos son os principais promotores dos certames poéticos e, en termos de administración pública, pódese dicir que o 75% dos premios organízanse desde ese ámbito.
- A cantidade de versos máis habitual dos requiridos para participar nos certames, está entre os 300 e os 500.
- En todos os certames houbo premio económico e edición da obra. Nun deles a edición foi non venal.
- En canto á contía económica do premio a cantidade máis repetida é a de 2500 €, no medio dun abano de entre os 500 e os 7000 €.

- Ao preguntarlles de xeito aberto cales son os seus principais obxectivos, a resposta máis recorrente é a de descubrir novos valores da poesía, seguido de incentivar a escrita, apoiar a edición de poesía e difundir a figura do poeta que dá nome ao premio.
- A maior parte dos concursos sitúanse no treito alto de puntuación cando valoran a consecución dos seus obxectivos.
- En canto á cantidade de poemarios que se presentaron nas últimas edicións dos certames, as cifras sitúanse maioritariamente entre os 41 e os 70. Tentando establecer cales poden ser os factores que determinan a tendencia no índice de participación, analizamos a seguinte táboa:

Nº de edición	Versos mínimos solicitados	Premio económico	Nº de obras
32	Sen mínimo	2500	66
2	300	2500	22
2	500	500	62
35	600	6000	49
45	500	7000	52
22	500	2500	44
19	300	6500	60
23	200	1300	63


Detéctase unha participación maior nos certames nos que se requiren menos versos, sen que pareza ser determinante o importe económico do premio.

- En canto a se os xurados están remunerados polo seu traballo, repártense á metade as dúas respostas nos casos dos certames que atenderon o cuestionario.
- Para a difusión das convocatorias, son os medios que ofrece internet os que maiormente utilizan os organizadores dos certames. Salientable é o feito de que aínda persiste nun amplo número deles, a difusión por medios impresos.
- Parece existir unha incoherencia nas respostas sobre a distribución comercial dos libros gañadores. As respostas á pregunta sobre o tipo de premio ofrécennos o dato de que 7 dos certames edita cunha editorial a obra gañadora. Enténdese que unha editorial vai realizar, en maior ou menor medida, unha distribución comercial das súas obras. Mais na resposta á pregunta sobre se existe distribución comercial, son 5 as respostas afirmativas. Probablemente a confusión poida vir dada por unha incorrecta interpretación do significado dalgunha das cuestións.
- En canto ao financiamento dos certames, apenas un deles recibe patrocinios e dous subvencións, o que nos leva a concluír que a meirande parte fináncianse na súa totalidade con fondos propios. Dos que reciben subvencións, un destíno ao premio e o outro á edición da obra.


- Agás os actos habituais de entrega do premio e presentación dos libros galardoados, as organizacións dos certames apenas organizan outro tipo de actividades relacionadas. Entre as máis citadas están os obradoiros e actividades con escolares.
- Con respecto á súa calidade, considéranse que están no treito medio-alto da puntuación. Nese mesmo treito sitúan o premio de Carral.

Lectores de Carral


Ao ser un Concello o que organiza o premio, é previsible e desexable que teña un impacto no ámbito local, na cidadanía de Carral. Interesa coñecer se ten tido incidencia para aumentar o coñecemento e a lectura de poesía galega. Para saber como incide no entorno máis inmediato, elaborouse unha enquisa que foi atendida por usuarios da Casa da Cultura de Carral e participantes en actividades municipais, e deixouse unha porcentaxe para convidar a responder a enquisa mediante as redes sociais municipais. Contestáronse 162 cuestionarios obtendo os seguintes resultados:




Tramo de idade ao que pertences:




Liches poesía nalgunha ocasión?




No caso de ter lido poesía, liche algún libro de poesía galega?




Lembras o nome de tres poetas galegos vivos?




Escoitaches falar ou liches algo sobre o Premio de Poesía Concello de Carral?




Saberías dicir cantas edicións leva o Premio de Poesía de Carral?




Cantos nomes lembrás de autoras ou autores que gañaron en Carral?




Cal cres que é o teu nivel de coñecemento do Premio de Poesía Concello de Carral?




Participaches algunha vez no concurso de poesía Concello de Carral?




**Asistiches a algún acto ou actividade relacionada co concurso
Concello de Carral?**



**Sabías que podes dispor de balde os libros premiados no certame de
Carral?**



Cales das seguintes opinións compartes?



- A maioría dos que contestaron a enquisa son residentes en Carral e un 90% teñen idades de entre os 23 e os 70 anos.
- En canto á lectura de poesía preto dun 90% leron poesía nalgunha ocasión, case un 70% sinala que algunha vez leron poesía galega e un 40% lembra o nome de tres poetas galegos vivos.
- Ao referirse ao premio Concello de Carral, un 75% escoitou falar algunha vez del, un terzo das respostas demostran coñecer o número aproximado de edicións e un 75% non lembra ningún nome de gañadores ou gañadoras do premio.
- Ao preguntarlles especificamente polo seu coñecemento do premio Concello de Carral, un 80% indican que é nada ou baixo.
- Do bloque de preguntas nas que abordamos a súa relación directa co premio, obtemos datos como que unha quinta parte afirma ter participado do concurso, o mesmo índice ao responder que asistiron a actos ou actividades do certame e algo máis do 40% sabe que pode dispoñer de balde dos libros premiados. Tomamos con cautela o dato referido a ter participado no certame, xa que

parece unha cifra excesiva e incoherente cos resultados das restantes respostas. Probablemente exista unha incorrecta interpretación do significado da pregunta.

- Ao preguntarlles sobre unha opinión xeral en relación co premio, vemos que as opinións máis aceptadas refírense ao apoio da escrita e lectura de poesía, así como a relación que se establece co certame para que Carral sexa coñecido.

CONCLUSIÓNS

Conclusións xerais obtidas das enquisas

Vistas as respostas e as conclusións obtidas de cada colectivo, podemos agora indicar algunhas valoracións xerais:

- Os certames galegos de poesía teñen unha calidade media-alta.
- Os certames contribúen a facilitar a venda de libros e de autores premiados.
- Os premios teñen unha incidencia media-alta na traxectoria literaria de quen os gaña.

Referíndonos ao certame Concello de Carral podemos salienta:

- Demóstrase o valor do premio no apoio a novos poetas, aínda que boa parte deles xa contaban con libros publicados.
- O atractivo do certame é o premio económico xunto á publicación do libro, sen que sexa a contía económica o valor determinante para animar á participación.
- A calidade dos libros premiados en Carral está no treito medio-alto da cualificación.
- A calidade xeral do certame é alta.
- Os principais valores que destacan do certame son a continuidade, a súa traxectoria e que edite os libros gañadores.
- A promoción das obras e autores gañadores é o principal aspecto a mellorar que salientan os enquisados. Tamén indican como aspectos merecentes de mellora a contía económica do premio e o perfil dos xurados.

- A incidencia do premio en Carral está a ser moi baixa, cun baixo coñecemento do certame e sen que estea a mellorar os índices de lectura e coñecemento da poesía galega.

Conclusións xerais obtidas da mesa redonda

O 14 de xullo de 2020 levouse a cabo unha xornada en liña na que se presentaron os principais datos e conclusións obtidos dos datos directos e das enquisas, e que se completou cunha mesa redonda coa que se pretendía obter as opinións dos diversos colectivos e algunhas conclusións que se puideran incorporar a este informe.

Na xornada interviron:

- Javier Gestal (alcalde do Concello de Carral)
- Carlos Lorenzo (técnico de Cultura do Concello de Carral e autor do informe)
- Inma Otero (crítica literaria e moderadora da mesa redonda)
- Miguel Anxo Fernán Vello (poeta e editor)
- Emma Pedreira (poeta)
- Marta Dacosta (poeta e representante da AELG -Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega-)
- Armando Requeixo (investigador e crítico literario)
- Mónica Fernández (coordinadora do certame Cidade de Ourense)
- Esther Gómez (libreira)
- Alfredo Ferreiro (poeta e coordinador de clubs de lectura)

A gravación da xornada está dispoñible na páxina Cultura Concello de Carral de Youtube no vencello <https://youtu.be/mMXoqoQnx7g> ou escaneando o código QR que se achega.



Do comentado na mesa redonda podemos concluír:

- A función principal dos premios debera ser a de descubrir poetas noveis, contribuír a visibilizalos e activar as súas traxectorias literarias.
- Os premios demóstranse influíntes nas traxectorias de quen gaña concursos.
- Que o libro premiado sexa publicado é un dos factores que máis anima á participación nos certames de poesía, aínda que son determinantes as condicións que se fixan nas bases para a edición.
- Un poemario premiado é máis doado de vender, mais non chega dabondo co premio, senón que precisa dunha boa edición e promoción.

- Para que un libro premiado sexa ben acollido polo público é necesario que múltiples axentes culturais interveñan apoiándoo. Ademais das editoriais, as librarías ou o propio colectivo de poetas, será de interese que actúen os medios de comunicación, profesorado, prescritores de lecturas, dinamizadores literarios...
- En canto aos xurados, considérase de interese que se abran a novos perfís, por exemplo incorporando persoas que len poesía de cotío, xente nova ou que desde a docencia desenvolve liñas específicas para animar o gusto pola poesía en calquera das súas manifestacións.
- Para que poida mudar o índice de mulleres gañadoras de certames, tamén o deberá facer no que se refire aos xurados. A presenza da muller nos certames de poesía atopa os mesmos atrancos que noutros ámbitos culturais, sociais ou laborais.
- O escaso impacto que no ámbito local ten o certame de Carral, está na mesma proporción que a poesía dentro do sistema literario.

PROPOSTAS PARA A MELLORA DO CERTAME CONCELLO DE CARRAL

O *leit motiv* deste informe é reformular algúns aspectos do concurso para mellorar os seus niveis de impacto no ámbito local e no da literatura galega en xeral. Tendo en consideración as conclusións obtidas e valorando a disposición de recursos do Concello de Carral, procede facer as seguintes propostas:

- Incrementar o premio económico de xeito gradual durante 5 anos ata chegar á cifra de 5.000 euros.
- Fixar alternativas telemáticas que faciliten a participación no certame. Será preciso buscar o método que garanta o anonimato de quen se presenta ao concurso.
- Incrementar a participación da muller nos xurados, así como de novos perfís.
- Establecer estratexias de promoción dos libros gañadores que permitan:
 - Aumentar o nivel de coñecemento do premio a nivel local e galego
 - Aumentar o índice de lectura de poesía en Carral
 - Fomentar en maior medida os niveis de escrita de poesía a nivel local
 - Aumentar os niveis de venda dos libros premiados
 - Amosar o premio de Carral como ferramenta útil para nutrir a creación poética en Galicia
- Presenza estable do certame nos centros de ensino de Carral con accións tales como:
 - Faladoiros dos autores e autoras gañadoras co alumnado
 - Obradoiros de creación poética (xa existentes)
 - Certames escolares de poesía (xa existentes)
- Significación pública do certame a nivel local:
 - Establecer espazos públicos relacionados co certame (nome de rúas, parque ou praza da poesía, nome da biblioteca...)
 - Exposición ao aire libre sobre gañadores do premio Concello de Carral.

AGRADECEMENTOS

Para que este informe fora posible moitas persoas achegaron desinteresadamente a súa colaboración. Así, agradecemos especialmente a axuda prestada por:

- Marcos Lorenzo
- Inma Otero
- Håkan Casares
- Miguel Anxo Fernán Vello
- Mercedes Queixas
- Emma Pedreira
- Armando Requeixo
- Alfredo Ferreiro
- Marta Dacosta
- Mónica Fernández
- Esther Gómez
- Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega
- Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural